

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

MD85PRO01

Programación de Saxofón

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



Índice

1.	Introdución.....	3
2.	Metodoloxía.....	3
3.	Atención á diversidade.....	3
4.	Temas transversais.....	3
	4.1 Educación en valores.....	3
	4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....	3
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	3
6.	Secuenciación do curso.....	3
	6.1 Curso:.....	4
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....	5
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	5
9.	ANEXOS.....	6
	9.1 Probas de acceso 1º de grao profesional.....	6
	9.2 Probas de acceso a outros cursos.....	6
	9.3 Criterios para a obtención dos premios fin de grao.....	6



1. Introducción

Os catro cursos que compoñen o grao elemental configuran unha etapa de suma importancia para o desenvolvemento do futuro instrumentista, xa que ó longo deste período teñen que quedar sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz e, o que é aínda máis importante, duns conceptos musicais que cristalicen, mediando o tempo necesario para a maduración de todo iso, nunha auténtica conciencia de intérprete.

A problemática da interpretación comeza polo correcto entendemento do texto, un sistema de signos recollidos na partitura que, malia o seu continuo enriquecemento ó longo dos séculos, padece irremediabes limitaciones para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de recreación, como algo susceptible de ser abordado desde perspectivas subxectivamente diferentes.

Isto, polo pronto, supón a aprendizaxe –que pode ser previa ou simultánea á práctica instrumental- do sistema de signos propio da música, que se emprega para fixar, aínda que só sexa de maneira ás veces aproximativa, os datos esenciais no papel. A tarefa do futuro intérprete consiste, por tanto, en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar, despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético; desenvolver, ó mesmo tempo, a destreza necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión da mensaxe expresivamente significativa.

Unha concepción pedagóxica moderna debe partir dunha premisa: a vocación musical dun cativo ou dunha cativa pode, en numerosísimos casos, quizá na maioría deles, non estar aínda claramente definida, o que exige de maneira imperativa que a suma de coñecementos teóricos que se lle deben inculcar e as inevitables horas de práctica ás que se verá sometido ou sometida lle sexan presentadas do xeito tan atractivo e estimulante como sexa posible, para se sentiren cun verdadeiro interese na tarefa que se lles propón e, desa maneira, a súa posible incipiente vocación se vexa reforzada.

A evolución intelectual e emocional na idade en que se realizan os estudos de grao elemental –oito a doce anos, aproximadamente- é moi acelerada; iso implica que as formulacións pedagóxicas, tanto no plano xeral da didáctica como no máis concreto e subxectivo da relación persoal entre profesor ou profesora e alumno ou alumna, deben adecuarse constantemente a esa realidade cambiante que é a personalidade deste último, aproveitar ó máximo a gran receptividade que é característica da idade infantil, favorecer o desenvolvemento dos seus dotes innatos, estimular a maduración da súa afectividade e, simultaneamente, pór ó seu alcance os medios que lle permitan exercer a súa crecente capacidade de abstracción.

A música, coma toda linguaxe, faise intelixible a través dun proceso máis ou menos dilatado de familiarización que comeza na primeira infancia, moito antes de que o alumno ou alumna estean na idade e nas condicións precisas para iniciar estudos especializados de grao elemental. Cando chega ese momento, o alumno ou a alumna, impregnados da música que enche sempre o seu contorno, aprenderon xa a recoñecer pola vía intuitiva os elementos desa



linguaxe; posúen, en certo modo, as claves que lles permiten “entendela”, aínda cando descoñezan as leis que a rexen, máis precisan posuír os medios para poder “falala”, e son estes medios os que lles deben proporcionar o ensino do grao elemental. Xunto co adestramento no manexo dos recursos do instrumento elixido –iso que, de maneira máis ou menos apropiada, chamamos técnica-, cómpre encamiñar a conciencia do alumno ou da alumna cara a unha comprensión máis profunda do fenómeno musical e das esixencias que suscita a súa interpretación e, para iso, cómpre comezar a facerlles observar os elementos sintácticos sobre os que repousa toda estrutura musical, mesmo nas súas manifestacións máis simples, e que a interpretación está funcionalmente ligada a esa estrutura sintáctica en todos os seus aspectos expresivos ou morfolóxicos (dinámica, agónica, percepción da unidade dos compoñentes formais e da súa totalidade, é decir, da forma global). Esta elemental “gramática” musical non é senón a aplicación concreta ao repertorio de obras que compoñen o programa que o alumnado debe realizar dos coñecementos teóricos adquiridos noutras disciplinas –linguaxe musical, fundamentalmente-, coñecementos que terán que ser ampliados e afondados no grao profesional mediante o estudo das disciplinas correspondentes.

Neste sentido, é imprescindible que o instrumentista ou a instrumentista aprendan a valorar a importancia que a memoria –o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como simple executante e, máis aínda, como intérprete. Convén sinalar que, á marxe desa básica memoria subconsciente, constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, en primeiro lugar só está sabido aquilo que se pode lembrar en todo momento; en segundo lugar, a memorización é un excelente auxiliar no estudo, en canto, entre outras vantaxes, pode supor un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura, para centrar toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical e expresivamente válida e, por último, a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global, dunha obra, xa que ó desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstruír a coherencia e a unidade do seu devir.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista ou a instrumentista deben chegar a desenvolver as capacidades específicas que lles permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lles brinda o instrumento da súa elección e sortear constantemente o perigo de que as devanditas capacidades queden reducidas a unha simple exercitación ximnástica.

A música é unha arte que en medida parecida á arte dramática necesita esencialmente a presenza dun mediador entre o creador e o público a, que vai destinado o produto artístico: este mediador é o intérprete. Correspóndelle ao intérprete, nas súas múltiples facetas de instrumentistas, cantante, director ou directora, etc., ese traballo de mediación, comenzando a problemática do seu labor polo correcto entendemento do texto, un sistema de signos, recollidos na partitura que, malia o seu continuo enriquecemento ao longo dos séculos, padece –e padecerá sempre- de irremediabes limitacións para representar o fenómeno musical como algo esencialmente necesitado de recreación, como algo susceptible de ser abordado desde perspectivas subxectivamente diferentes. O feito interpretativo é, por definición, diverso. E non só pola radical incapacidade da grafía para apresar de maneira total unha realidade –o



fenómeno sonoro- temporal en que consiste a música- que se sitúa nun plano totalmente distinto ao da escritura, senón, sobre todo, por ese especial xeito de ser da música, linguaxe expresiva por excelencia, linguaxe dos “afectos”, como dicían os vellos mestres do XVII e o XVIII, linguaxe das emocións, que poden ser expresadas con tantos acentos diferentes como artistas capacitados se acheguen a ela para descifrar e transmitir a súa mensaxe.

Isto, polo momento, supón a aprendizaxe –que pode ser previo ou simultáneo coa práctica instrumental do sistema de signos propio da música, que se emprega para fixar, sequera sexa de xeito ás veces aproximativa, os datos esenciais no papel. A tarefa do futuro intérprete consiste, polo tanto, en: aprender a ler correctamente a partitura; penetrar despois, a través da lectura, no sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético, e desenvolver ao propio tempo a destreza necesaria no manexo dun instrumento para que a execución dese texto musical adquira a súa plena dimensión de mensaxe expresivamente significativa para poder transmitir de xeito persuasivo, convincente, a emoción de orde estética que no espírito do intérprete esperta a obra musical cifrada na partitura.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lle permitan alcanzar o máximo dominio das posibilidades de toda orde que lle brinda o instrumento da súa elección, posibilidades que se achan reflectidas na literatura que nos legaron os compositores ao longo dos séculos, toda unha suma de repertorios que, polo demáis, non cesa de incrementarse. Ao desenvolvemento desa habilidade, á plena posesión desa destreza no manexo do instrumento é ao que chamamos técnica.

O pleno dominio dos problemas de execución que suscita o repertorio do instrumento é, desde logo, unha tarefa prioritaria para o intérprete, tarefa que, ademáis, absorbe un tempo considerable dentro do total de horas dedicadas á súa formación musical global. De todas as maneiras, terase moi en conta que o traballo técnico, representado por esas horas dedicadas á práctica intensiva do instrumento, debe estar sempre ineludiblemente unidos na mente do intérprete á realidade musical á cal se trata de dar canle, eludindo constantemente o perigo de que queden reducidas a unha mera exercitación ximnástica.

Neste sentido, é necesario, por non decir imprescindible, que o instrumentista aprenda a valorar a importancia que a memoria –o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como mero executante e, máis aínda, como intérprete, ata se na súa práctica profesional normal –instrumentista de orquestra, grupo de cámara, etc.- non ten necesidade absoluta de tocar sen axuda da parte escrita. Non é este o lugar de abordar en toda a súa extensión a importancia da función da memoria no desenvolvemento das capacidades do intérprete, pero si de sinalar que á marxe desa básica memoria subconsciente constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos, sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, só se sabe aquilo que se pode recordar en todo momento; a memorización é un excelente auxiliar no estudo, por canto, entre outras vantaxes, pode supoñer un considerable aforro de tempo e permite desentenderse nun certo momento da partitura para centrar toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical e expresivamente válida; a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global dunha obra, xa que ao desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstituír a coherencia e a unidade do seu devir.

A formación e o desenvolvemento da sensibilidade musical constitúen un proceso continuo, alimentado basicamente polo coñecemento cada vez máis amplo e profundo da literatura musical en xeral e a do seu instrumento en particular. A ese desenvolvemento da sensibilidade contribúen tamén naturalmente os estudos doutras disciplinas teórico-prácticas, así como os coñecementos de orde histórica que lle permitirán ao instrumentista situarse na perspectiva adecuada para que as súas interpretacións sexan estilisticamente correctas.

O traballo sobre esas outras disciplinas, que para o instrumentista se poden considerar complementarias, pero non por iso menos imprescindibles, conduce a unha comprensión plena da música como linguaxe, como medio de comunicación que, en canto que tal, se articula e se constitúe a través dunha sintaxe, duns principios estruturais que, aínda que poden ser apreendidos polo intérprete a través da vía intuitiva nas etapas iniciais da súa formación, non cobran todo o seu valor máis que cando son plena e conscientemente asimilados e incorporados á bagaxe cultural e profesional do intérprete.

Todo iso lévanos a considerar a formación do instrumentista como unha fronte interdisciplinar de considerable amplitude e que supón un longo proceso formativo no cal xogan un importantísimo papel, por unha banda, o cultivo temperán das facultades puramente físicas e psicomotrices e, por outra, a progresiva maduración persoal, emocional e cultural do futuro intérprete.

2. Metodoloxía

O currículo debe ser aberto polo que os métodos de ensino son en ampla medida responsabilidade do profesor. Aínda así, coa finalidade de regular a práctica docente, poderemos sinalar os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral:

1. A finalidade de toda tarefa educativa é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do alumno. A Música é un vehículo de expresión de emocións, un instrumento á nosa disposición.
2. O profesor debe ser un guía, conselleiro que da solucións concretas a dificultades concretas. Debe dar opcións e non impoñer criterios. Debe tratar de estimular e motivar ó alumno.
3. A Programación Didáctica debe ser aberta e flexible para poder adaptala ás características e necesidades de cada alumno, tratando de desenvolver ás súas posibilidades e de suplir ás súas carencias.
4. A aprendizaxe debe ser funcional, é dicir, debe ser posible unha aplicación práctica do coñecemento adquirido e á súa vez, os contidos deben ser necesarios e útiles para realizar outras aprendizaxes.
5. A avaliación é un proceso que debe levarse a cabo de forma continua e personalizada no alumno e o seu propio desenvolvemento, aportándolle información sobre o que realmente progresou respecto das súas posibilidades, sen comparacións con normas preestablecidas de rendemento.



6. O profesor debe avaliar tamén o seu propio traballo, a efectividade da programación e a súa intervención.
7. A avaliación no grao elemental levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos no currículo.
8. É necesario que o alumno participe no proceso a través da autoavaliación e a coavaliación, nunha etapa na que se pretende impulsar a autonomía do alumnado e a súa implicación responsable.

3. Atención á diversidade

No marco das disposicións establecidas na Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, os centros escolares de nova creación deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade. O resto dos centros deberán adecuarse á devandita lei nos prazos e cos criterios establecidos nela.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria adoptará as medidas oportunas para a adaptación do currículo ás necesidades do alumnado con discapacidade. En todo caso, esas adaptacións deberán respectar no esencial os obxectivos fixados no decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

As ensinanzas de música nos conservatorios deberán fomentar a educación en valores tales como a educación para a paz, a educación ambiental, a igualdade de oportunidades entre sexos, educación cívica e moral, educación para a saúde, etc.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

As TIC's ofrécennos diversidade de recursos de apoio á ensinanza (material didáctico, entornos virtuais, internet, blogs, wikis, webquest, foros, chat, mensaxerías, videoconferencias, e outros canais de comunicación e manexo de información) desenrolando creatividade, innovación, entornos de traballo colaborativo, promovendo o aprendizaxe significativo, activo e flexible.



5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

As ensinanzas de música fomentarán a realización de actividades culturais e de promoción das ensinanzas tales como concertos, audicións de alumnos, intercambios, conferencias, exposicións, etc.

6. Secuenciación do curso

6.1 Curso: 1º grao elemental

6.1.1 Obxectivos

O ensino de Saxofón no primeiro curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adoptar unha posición corporal que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas as dúas mans.
- Experimentar o mecanismo da respiración empregando en primeiro lugar a boquilla e logo todo o instrumento, para familiarizarse con aspectos como a emisión, afinación, articulación, e sonoridade.
- Controlar a columna de aire (respiración diafragmática).
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura (máscara facial), de xeito que posibiliten unha correcta emisión, altura xusta do son (afinación), articulacións, flexibilidade do son, etc.
- Coñecer as dixitacións elementais (doigté).
- Desenvolver a psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Desenvolver a capacidade auditiva e rítmica.
- Coñecer as posibilidades e características do instrumento e saber utilizalas (dentro das exixencias do nivel) tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Adquirir nocións mínimas sobre afinación e calidade do son.
- Adquirir un dominio progresivo das distintas articulacións e matices.
- Identificar auditivamente diferentes sons.
- Lograr unha seguridade técnica (dentro das exixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.

- Adquirir interés progresivamente maior pola asistencia a recitais e concertos en directo.

6.1.2 Contidos

- Exercicios de respiración con e sen instrumento controlando a afinación, calidade do son e dosificación do aire.
- Estudio dos diferentes matices.
- Estudio dos intervalos.
- Práctica das diferentes articulacións.
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Práctica de escalas maiores e menores cos seus correspondentes arpexios, maior e menor, ata unha alteración.
- Práctica da escala cromática, tomando como base diferentes sons.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Adquisición de hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Estudos e obras do repertorio, útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

6.1.3 Avaliación

A avaliación no grao elemental levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na presente Programación Didáctica. A avaliación dos alumnos/as será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os resultados da avaliación final expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais (consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco). A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación da asignatura en caso de ter avaliación negativa.

Criterios de avaliación

- 1. Demostrar unha correcta e progresiva asimilación da técnica respiratoria e da embocadura. (A adquisición destas destrezas é determinante para o posterior desenrolo instrumental do alumno).*
- 2. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese, etc.) así como aplicar o estudio das indicacións do profesor, e*

con elas, demostrar unha autonomía progresiva do traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendimento.

3. *Memorizar textos musicais acordes con nivel no que se encontra.* (Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical).

4. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ó mesmo tempo que escoita e se adapta ó resto do grupo. (Este criterio presta atención á capacidade do alumno para adaptarse ó traballo de grupo).

Mínimos esixibles

Os criterios 1, 2 serán considerados mínimos esixibles.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións do alumnado o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación:

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Traballos en grupo.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo persoal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións – Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade a partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade (estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, pedal, dixitación): 40%

Calibración

Realizarase, ao menos, unha proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6 da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado que a avaliación é continua, o alumno/a que suspenda algunha avaliación poderá recuperala no seguinte trimestre.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia no mes de xuño poderán recuperala no mes de setembro mediante a realización dunha proba específica. O profesor titular da materia realizará un informe individualizado a aqueles alumnos que non superen a materia en xuño no que se especificarán os contidos da citada proba.

6.1.5 Recursos didácticos

Métodos:

- El Saxofón 1º de M. Miján (R. Musical).
- 29 Estudios progresivos de H. Prati (Billaudot).
- 50 Estudios progresivos (1ºer vol.) de G. Lacour (Billaudot)
- Aprende a tocar el Saxo de Peter Wastall.
- L'école française du saxophone de R. Druet (Billaudot).
- Gimnasia técnica y mecánica de A. Ventas
- El Saxofón y yo (primer curso) de Ángel Luis de la Rosa.
- L'alphabet du saxophoniste de H. Prati.
- Saxoforever 1 de J. M. Allerme.

Obras:

- Seven Easy Dances de Paul Harris.
- Bagatelle de M. Perrin.
- Complainte de M. Perrin.
- Genevieve de A. Ameller.
- Musique pour rever de A. Roizenblat.

Dúos:

- Veintiún miniduetos de J. Bouvard (Billaudot).
- Selected Duets de H. Voxman (Hal-Leonard).

6.2 Curso: 2º grao elemental

6.2.1 Obxectivos

O ensino de Saxofón no segundo curso de grao elemental terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Adquirir unhas mínimas nocións históricas dos feitos máis directamente relacionados co Saxofón (inventor, pedagogos, intérpretes, etc.).
- Adquirir un control suficiente do aire (respiración diafragmática) e dos músculos que forman a embocadura e que posibilitan unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Coñecer o funcionamento das cañas e a súa posible adaptación para un mellor funcionamento.
- Desenvolver nun maior grao a psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Enriquecer a capacidade auditiva e rítmica.
- Identificar as distintas alturas do son.
- Coñecer as características e posibilidades do instrumento e saber utilizalas (dentro das exixencias do nivel) tanto na interpretación individual como de conxunto.
- Desenrolar de maneira progresiva a utilización da memoria nas pezas traballadas.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dunha dificultade acorde co nivel.
- Lograr unha seguridade técnica (dentro das exixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.
- Adquirir interese progresivamente maior pola asistencia a recitais ou concertos en directo.

6.2.2 Contidos

- Adolphe Sax: perfil biográfico como constructor de instrumentos musicales, como inventor do Saxofón e como primeiro profesor de Saxofón.
- Precursores do Saxofón: Mule, Deffayet, Rascher, Sinta, Londeix, Wiedoeft, Ventas, Iturralde, etc.
- Prácticas de relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Emisión do son en relación coas diversas dinámicas e alturas.
- Exercicios técnicos para o control e a homoxeneidade dos dedos en diferentes ritmos.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Interpretación de obras e estudos.
- Desenvolvemento progresivo da memoria.
- Práctica de escalas maiores e menores cos seus arpexios ata tres alteracións.
- Escalas cromáticas en diferentes articulacións e ritmos, tomando como base diferentes alturas.
- Iniciación ó coñecemento das estruturas musicais, melodía, harmonía, etc.

6.2.3 Avaliación

A avaliación no grao elemental levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na presente Programación Didáctica. A avaliación dos alumnos/as será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os resultados da avaliación final expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais (consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco). A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación da asignatura en caso de ter avaliación negativa.

Criterios de avaliación

- 1. Demostrar unha correcta e progresiva asimilación da técnica respiratoria e da embocadura. (A adquisición destas destrezas é determinante para o posterior desenrolo instrumental do alumno).*
- 2. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese, etc.) así como aplicar o estudo das indicacións do profesor, e con elas, demostrar unha autonomía progresiva do traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendimento.*

3. *Memorizar textos musicais acordes con nivel no que se encontra.* (Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical).

4. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ó mesmo tempo que escoita e se adapta ó resto do grupo. (Este criterio presta atención á capacidade do alumno para adaptarse ó traballo de grupo).

Mínimos esixibles

Os criterios 1, 2 serán considerados mínimos esixibles.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións do alumnado o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación:

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Traballos en grupo.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo persoal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións – Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade a partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%
- Musicalidade (estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, pedal, dixitación): 40%

Calibración

Realizarase, ao menos, unha proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas

profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6 da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado que a avaliación é continua, o alumno/a que suspenda algunha avaliación poderá recuperala no seguinte trimestre.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia no mes de xuño poderán recuperala no mes de setembro mediante a realización dunha proba específica. O profesor titular da materia realizará un informe individualizado a aqueles alumnos que non superen a materia en xuño no que se especificarán os contidos da citada proba.

6.2.5 Recursos didácticos

Métodos:

- El Saxofón ameno (caderno 1) de J. M. Londeix (Lemoine).
- Gimnasia técnica y mecánica de A. Ventas (Quiroga).
- Aprende a tocar el Saxofón (Peter Wastall).
- El Saxofón 2a, 2b, 2c de Manuel Miján (R. Musical).
- 29 Estudios Progresivos de H. Prati (Billaudot).
- 24 Estudios Fáciles de Marcel Mule (A. Leduc).
- Saxoforever 2 de J. M. Allerme (Lemoine).
- L'école française du Saxophone de R. Druet.
- 50 Études fáciles et progressives de G. Lacour.

Obras:

- Jouer a Deux de M. Delgiudice (Combre).
- Chanson a Berceur de E. Bozza.
- Prelude et Rengaine de Pierre Max Dubois.
- Kansas City de J. Nanulais (Billaudot).
- Cinco piezas fáciles de J. Absil (Lemoine).
- Piezas clásicas de M. Mule.
- Le Berger Reve de F. Antonini.
- Trois pièces nº2 Pastoral de S. Lancen.
- Azur (mib) de J. M. Damase (Billaudot).
- Vacances (mib) de J. M. Damase (Billaudot).
- Choral et Ballet (mib) de P. Rougeron (Billaudot).
- La Memoria de L'onde (sib) de J. Sichler (Leduc).
- Barcarola (sib) de E. Coriolis (Billaudot).
- Melodi-Lends (sib) de C. Dachez (Leduc).

Dúos:

- Selected duets de H. Voxman (Hal Leonard).

6.3 Curso: 3º grao elemental

6.3.1 Obxectivos

O ensino de Saxofón no tercer curso de grao elemental terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura (máscara facial) de xeito que posibiliten unha correcta emisión, altura xusta do son (afinación), articulacións e flexibilidade en diferentes rexistros.
- Adquirir unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- Emitir un son estable en toda a extensión do instrumento.
- Desenvolver a psicomotricidade no dominio de elementos que interveñen na interpretación musical.
- Lograr unha seguridade técnica (dentro das exixencias do nivel) como base da seguridade interpretativa.

- Coñecer as dixitacións (doigtes) máis apropiados á dificultade do pasaxe en concreto.
- Desenrolar a memoria no estudio dos diferentes estudos e obras.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- Adquirir o hábito de asistir a audicións de recitais e concertos en directo.

6.3.2 Contidos

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva.
- Desenvolvemento da flexibilidade nos saltos, articulacións, etc.
- Práctica de conxunto con outros instrumentos para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Entrenamento progresivo da memoria.
- Adquisición de hábitos de estudio correctos e eficaces.
- Lectura a primeira vista de obras ou fragmentos sinxelos.
- Iniciación ó coñecemento das estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, períodos, frases, seccións, textura, etc.).
- Estudos e obras do repertorio, útiles para o desenvolvemento do conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Práctica de escalas maiores e menores cos seus arpeixos ata cinco alteracións.
- Práctica de intervalos de terceira.
- Práctica de escalas cromáticas en diferentes ritmos e articulacións, tomando como base diferentes alturas.

6.3.3 Avaliación

A avaliación no grao elemental levarase a cabo tendo en conta os obxectivos e os criterios de avaliación establecidos na presente Programación Didáctica. A avaliación dos alumnos/as será continua, cualitativa e integradora, aínda que diferenciada segundo as materias do currículo. O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe dos alumnos/as como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente. Os resultados da avaliación final expresaranse mediante escala numérica de 1 a 10 sen decimais (consideraranse positivas as cualificacións iguais ou superiores a cinco, e negativas as inferiores a cinco). A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as condicións para que os centros organicen as oportunas probas extraordinarias co fin de lle facilitar ao alumnado a recuperación da asignatura en caso de ter avaliación negativa.

Criterios de avaliación

- 1. Demostrar unha correcta e progresiva asimilación da técnica respiratoria e da embocadura. (A adquisición destas destrezas é determinante para o posterior desenrolo instrumental do alumno).*
- 2. Mostrar nos estudos e obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual (dedicación, esforzo, interese, etc.) así como aplicar o estudo das indicacións do profesor, e con elas, demostrar unha autonomía progresiva do traballo que lle permita valorar correctamente o seu rendimento.*
- 3. Memorizar textos musicais acordes con nivel no que se encontra. (Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical).*
- 4. Actuar como membro dun grupo e manifestar a capacidade de tocar ó mesmo tempo que escoita e se adapta ó resto do grupo. (Este criterio presta atención á capacidade do alumno para adaptarse ó traballo de grupo).*

Mínimos esixibles

Os criterios 1, 2 serán considerados mínimos esixibles.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Para a obtención das calificacións do alumnado o profesor disporá das seguintes ferramentas e procedementos de avaliación:

- Observación sistemática.
- Diario de clase.
- Audicións de alumnos.
- Traballos en grupo.
- Grabacións en audio o vídeo.
- Probas de nivel.

Criterios de cualificación

- Traballo persoal (semanal de aula): 70%
- Actitude: 10%
- Audicións – Grao de consecución do repertorio: 20%

Táboa ou listaxe de cotexo homoxeneizado para probas e audicións trimestrais

- Texto (dificultade da obra, fidelidade a partitura, memoria): 20%
- Ritmo (precisión, exactitude rítmica, tempo): 20%

- Musicalidade (estilo, expresión, fraseo, carácter, posta en escena): 20%
- Técnica (articulación, son, afinación, respiración, posición corporal, pedal, dixitación): 40%

Calibración

Realizarase, ao menos, unha proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6 da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizar, con carácter excepcional, a ampliación de matrícula ao curso seguinte do alumnado que, tras a orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna asegure a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Dado que a avaliación é continua, o alumno/a que suspenda algunha avaliación poderá recuperala no seguinte trimestre.

Probas extraordinarias de setembro

Aqueles alumnos que non superen a materia no mes de xuño poderán recuperala no mes de setembro mediante a realización dunha proba específica. O profesor titular da materia realizará un informe individualizado a aqueles alumnos que non superen a materia en xuño no que se especificarán os contidos da citada proba.

6.3.5 Recursos didácticos

Métodos:

- El Saxofón 3ª, 3b, 3c de Manuel Miján (Real Musical).
- Cómo sonar el Saxofón de I. Mira (Rivera editores).
- 50 Estudios progresivos (2º vol.) de Guy Lacour (Billaudot).
- El Saxofón ameno de J. M. Londeix (Lemoine).

- Gimnasia técnica y mecánica (2ª parte) de A. Ventas (Quiroga).
- 24 Estudios fáciles de M. Mule (Leduc).
- De la Justesse D´intonation de J. M. Londeix (Leduc).
- L´ecole Francaise du Saxophone (2º cuaderno) de R. Druet.
- 17 Estudios faciles et progresives de M. Mule.
- Saxoforever 3 de J. M. Allerme.

Obras:

- Canción modal (mib) de G. Lacour (Billaudot).
- Sonatina (mib) de Guillou (Leduc).
- Chant Corse (mib) de H. Tomasi (Leduc).
- Pavane (mib) de E. Coriolis (Leduc).
- Colombine et Pierrot (mib) de R. Mignon (Billaudot).
- Vacances (mib) de J. Damase (Billaudot).
- Kansas city (mib) de J. Naulais (Billaudot).
- Sasophonissimo (mib) de Dervaux.
- Aria (mib) de J. Ibert.
- Les Ecureulis (mib) de P. M. Dubois.
- Melopee (sib) de J. Ibert (Lemoine).
- Serenate Variee (sib) de R. Clerisse (Leduc).
- Canción modal (sib) de G. Lacour (Billaudot).
- Serenata de Otoño (sib) de R. Grimal (Boileau).
